

# ferradura en tránsito

Xuro que loitarei para que a miña lingua alcance o máis amplo uso social, dentro e fóra da miña comunidade, e obteña a máxima difusión e recoñecemento en todos os ámbitos sociais.(Noeli Pocaterra)

## crítica de “Antípodas” (Xosé Vázquez Pintor, Xerais)

Filed under: [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÁ“NICA DA CRÁTICA](#), [CRÍTICA DE ACTUALIDADE](#) — 10 Marzo 2015 @ 9:28 p.m.

### NOS ANTÍPODAS DUN XÉNERO E AS INTEMPERIES

Título: **Antípodas**

Autor: Xosé Vázquez Pintor

Editorial: Xerais

Defínese xeralmente a novela como un xénero literario narrativo que conta sucesos reais ou ficticios e está dotada dunha certa extensión; tense falado de 30.000 palabras ou 100 páxinas, que vén sendo o mesmo. Nesta definición falta, porén, un concepto clave: o argumento. Os reais ou ficticios sucesos narrados deben constituír un argumento, é dicir debe existir, entre eles, unha relación causa-efecto que os insira nas tres liñas ou unidades clásicas: tempo, lugar e acción que contan ese suceso. Seguindo esta definición, a **Antípodas** de que hoxe nos ocupamos é unha novela mais non é unha novela. É unha novela porque responde á definición incial, mais xa non é tanto unha novela porque o concepto clave, o argumento, é daquela maneira, especial, logrado máis por acumulación que por relación causa efecto dos feitos narrados. De xeito que a mellor definición, por ser a máis xusta, que podemos dar é que se trata dunha novela especial, dunha novela moi especial que á vez destrúe e reinventa o xénero. Precisamente, o que fai especial esta novela é que non existe ese narrador que actúa en función do que require o argumento no cal as personaxes se moven. Non dun xeito convencional. Nesta novela de Xosé Vázquez Pintor, as personaxes aparecen e desaparecen cando o require o narrador, mais non en función do argumento. As personaxes chegan cando a expresividade emocional do narrador as require, non cando a liña argumental o precisa. Diego Fornes, a siña Carme, a siña Adelina, Avaristo, o pai, a nai, o silencio, a siña Andrea, Olegario... están aí cando o narrador precisa delas, e precisa delas coma nunha sucesión de máscaras con música de Liszt, unha sucesión de máscaras que fai que Luneda sexa can e tamén urbs. A primeira vista hai unha personaxe central, Plinio; por Plinio ou por Luneda apela o narrador en múltiples ocasións neste labirinto que tamén é fe de vida nun tempo sen medida, un tempo sen medida nas intemperies, un tempo sen medida nas orografía emocionais sun narrador que tamén é personaxe principal, pois así o require a expresividade autorial.

Falar de **Antípodas** coma dunha novela poética non resulta nada aventurado senón moi agardábel, porque a é, unha novela preciosamente poética que ás veces chega a ser pura poesía, unha poesía á que lle sentan moi ben certas doses de humor intelixente e irónico, algunhas das cales poderá achar o lector nos suliñados que nesta Ferradura subimos. Evidentemente, neste xogo de máscaras, neste poético xogo de máscaras, a metáfora e o símbolo (figuras tipicamente poeticas) adquiren unha importancia especial, así como o xogo coas palabras. Conferíndolle unha dimensión lúdica que ten moito que ver coa novela en si e a súa peculiar forma. Dá a impresión de que esta novela existe só en función da expresividade do autor, a través do narrador os tempos e as personaxes van chegando e con eles experiencias vitais que son o centro da novela, experiencias vitais e personaxes nas intemperies da vida, nos antípodas, ben se pode dicir, do que debería ser a vida neste noso país de lingua roubada, de historia roubada, de cultura roubada. Mais non está tinxida, esta fe de vida, de señardá, de rancor ou sentimentalismo de similar campo semántico. Todo o contrario, na novela salienta un humanismo

que desprende unha calor vivificante, mesmo nas miserias da intemperie o ser humano de nós é quen de atopar a riqueza en compango da amizade, da solidariedade, da lección dada altruistamente e da lección aprendida, do compañeirismo vital.

Mais tampouco resultaría de todo xusto falar dela como unha novela poética, porque o que é é unha novela rompexéneros ou unha práctica novelesca fagocitadora de calquera expresión escritural. De aí que, xa cara oa final visibelmente, a novela se convirte en teatro, mais nun teatro que tampouco é xenericamente puro, pois aparece atravesado pola narratividade, pola expresividade do narrador. De feito é unha desas novelas que se inventan a si mesmas. Que fai un uso especial e peculiar da ortografía e da puntuación, por exemplo.

Un tan feble fío argumental provoca que o esquezo inmediato se manifeste, malia a acumulación de relatos e a presenza continuada de Plinio e Luneda ( can e urbs) dan un ar de completude, de todo novelesco. Isto, en si, non é ningún defecto senón unha característica abondo comentada na narrativa actual. E, na nosa opinión, non dificulta a lectura, todo o contrario, a despreocupación por ganduxar un argumento clásico fai posíbel que avancemos nunha lectura que só cabe cualificar como gulosa, pois sempre sabe a pouco unha escrita tan densamente preciosa, poética se se quer, asentada nun dominio lingüístico portentoso e exemplarizante.

Para os amantes da Literatura con maiúscula.

ASDO.: Xosé M. Eyré Val